Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/10/2025 12:06:09



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2025 12:06:10
Nº Rexistro: 37020
Data envío: 16/10/2025 12:06:10.146

CSV: BOPGDSPG-w7dvsnYH9-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 23768**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de don José Ramón Gómez Besteiro, sobre **"o investimento total de Augas de Galicia no concello de Vilariño de Conso entre 2009 e 2024"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático**, que ten o seguinte contido:

"O primeiro de todo é aclararlles o concepto do canon da auga: non é unha taxa que grave os servizos, porque os servizos da auga son competencias municipais e os concellos cobran aos seus veciños por eles. Deberían moitos deles explicar en detalle a que dedican todos os millóns e millóns que recadan polo abastecemento e o saneamento.

Vai sendo hora de aclarar que o canon da auga é unha taxa prevista en toda a lexislación sectorial sobre a auga, en Galicia, en Cataluña e en Italia, polo impacto no medio do consumo da auga. E en Galicia, ademais, a tarifa é das máis baixas do Estado. E grazas a esa taxa, Augas de Galicia pode exercer as súas propias competencias e, ademais, axudarlle aos concellos nas súas.

Polo tanto, o canon non serve só para o co financiamento de obras, tamén para costear o mantemento fluvial, o programa de control de vertidos, as asistencias aos concellos en materia de saneamento e o resto de servizos que se prestan ao dominio público.

Así, Augas de Galicia ten previsto recadar este ano por canon da auga 60,9 M€, o que permite axudar aos concellos a exercer as súas propias competencias de abastecemento, saneamento e depuración. Así este ano estanse a dedicar : 144 M€. Fagan a conta.

En canto ao investimento de cada concello, é preciso tamén aclarar que toda a información ao respecto poden consultala nas resolucións das liñas de axudas de Augas de Galicia que se publican no DOG, ao que hai que engadir todo o investimento en obras, que se pode consultar no perfil de contratación da Administración Pública.

Ademais, non hai que esquecer todo o investimento que desenvolve Augas de Galicia para cofinanciar obras municipais en apoio sempre á mellora dos servizos locais para que sexan máis eficientes e eficaces. Este cofinanciamento faise tamén sempre público a través dos convenios de colaboración que se asinan con cada concello en cuestión".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/10/2025 12:20:56



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2025 12:20:56
Nº Rexistro: 37035
Data envío: 16/10/2025 12:20:56.775

CSV: BOPGDSPG-w7dvsnYH9-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 17791**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e dona Montserrat Prado Cores, sobre **"Sobre a situación dos centros de saúde de Ribeira e Aguiño no referido á dotación dos seus cadros médicos e as actuacións que prevé por en marcha a Xunta de Galicia ao respecto"**, convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo de 2025, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida polo Conselleiro de Sanidade en resposta á pregunta oral con número de rexistro 17792, formulada no marco do Pleno do Parlamento de Galicia celebrado o día 12 de febreiro de 2025. Na seguinte ligazón pode accederse á resposta dada:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal:443/s/n3F1qklTIIjjHR9EzlfALJYdMaH3BK3GOMp00B2mW5wphEY2>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS
INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las
15/10/2025 13:49:24

130414



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/10/2025 13:49:26



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 13:49:26
Nº Rexistro: 36941
Data envío: 15/10/2025 13:49:26.812

CSV: BOPGDSPG-w7dvsnYH9-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 29542**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, sobre **"as necesidades de persoal nas unidades do partido xudicial de Ourense e as previsións da Xunta de Galicia no referido a un incremento dos seus cadros de persoal nos corpos de xestión, tramitación e auxilio xudicial"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"En pleno proceso de implantación da Nova oficina Xudicial, o cadro de persoal do partido xudicial de Ourense verase incrementado en dúas prazas do corpo de tramitación procesual e administrativa con competencias en violencia sobre a muller e unha praza do mesmo corpo para reforzar a Oficina Fiscal.

O cadro de persoal do xulgado de instrución nº2 de Ourense está composto por dúas prazas do corpo de xestión, catro do corpo de tramitación e unha praza do corpo de auxilio xudicial.

Na actualidade, todo o cadro de persoal está cuberto. A última baixa que se ten producido no xulgado data de febreiro deste ano, e foi cuberta por substitución, ao tratarse dunha baixa de larga duración, no mes de marzo.

No que respecta ao servizo de garda e despacho ordinario dos asuntos no mes de xullo, a Dirección xeral de Xustiza aproba un plan de vacacións tras a correspondente negociación sindical. Nas datas aludidas non se puxo en coñecemento da Dirección xeral que existiran problemas na xestión de persoal da unidade.

De existir demoras ou paralización, é á dirección da oficina a quen lle corresponde solicitar medidas de reforzo e non constan peticións a este respecto".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2025 09:46:45
Nº Rexistro: 36427
Data envío: 10/10/2025 09:46:45,622

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/10/2025 9:46:45

CSV: BOPGDSPG-w7dvsnYH9-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 30171**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona María Elena Espinosa Mangana, don Carlos López Font e dona Patricia Iglesias Rey, sobre **"a postura da Xunta de Galicia ante a proposta de inclusión nos orzamentos de 2026 dunha contía de 36 millóns de euros para dedicar á rehabilitación e mellora das infraestruturas dos centros educativos públicos de Vigo"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta á pregunta con número 30178 e no Pleno do Parlamento, o 10 de setembro de 2025; á que nos remitimos porque ofrece información sobre as cuestións formuladas.

O debate pode ser consultado na seguinte ligazón:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=YmNlNzMxNGMtZDc0NS00YjhlLWE2OTItNGE5YTA5NjBmZmFk&start=15832>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/10/2025 9:46:38



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2025 09:46:38
Nº Rexistro: 36426
Data envío: 10/10/2025 09:46:38,677

CSV: BOPGDSPG-w7dvsnYH9-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 31821**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona María Elena Espinosa Mangana, dona Silvia Longueira Castro e don Julio Ernesto Abalde Alonso, sobre **"a postura da Xunta de Galicia ante a posibilidade de asumir a xestión directa do Conservatorio de Música de Tui"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta á pregunta con número 31818 debatida o día 11 de setembro na Comisión 4ª; á que nos remitimos porque ofrece información sobre as cuestións formuladas.

O debate pode ser consultado na seguinte ligazón:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=YzExZjYyODUtNWM3Yi00MjNlLWl0YmMtZmNlZjBmOWY5ZTk5&start=4895>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/10/2025 9:46:31



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2025 09:46:32
Nº Rexistro: 36425
Data envío: 10/10/2025 09:46:32.255

CSV: BOPGDSPG-w7dvsnYH9-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 31844**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, sobre **"as condicións laborais das profesionais e dos profesionais do servizo de asistencia xurídica gratuíta, o seu dereito á folga e a finalización da vixencia do acordo entre a Xunta de Galicia e o Consello da Avogacía Galega"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"Tal e como se indicou noutras ocasións, o recoñecemento do dereito de folga dos profesionais da quenda de oficio non lle corresponde á Xunta de Galicia, por canto non ten cabida no ámbito das súas competencias e porque non existe disposición legal algunha que ampare o pretendido dereito, nin resolución xudicial ditada polo órgano competente da xurisdición social que o recoñeza.

Segundo os datos remitidos pola Amtega, a folga supuxo a suspensión de 1.354 actuacións.

O 9 de novembro de 2023, a Dirección xeral de Xustiza recibiu un escrito, asinado pola Secretaria Xeral do Sindicato VENIA ADVOCATORUM UNIO (VENIA), no se que comunicaba que a folga comezaría o 21 de novembro con carácter indefinido.

A Xunta de Galicia está negociando o novo acordo co Consello da Avogacía Galega e debe terse en conta que o acordo actual foi obxecto de melloras, de introdución de novos conceptos e que acolleu unha simplificación da tramitación das certificacións dos profesionais, precisamente para garantir a prestación deste servizo público tan esencial como necesario.

Indicar tamén que a Xunta de Galicia cumpre co disposto no artigo 45 do Decreto 269/2008, do 6 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de asistencia xurídica gratuíta da Comunidade autónoma de Galicia, modificado polo Decreto 138/2012, do 21 de xuño, e así a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes publicou no Diario Oficial de Galicia a Orde do 30 de xaneiro de 2025 no que se fixa nun 8% a cantidade para atender os gastos derivados do funcionamento operativo dos servizos colexiais de asistencia xurídica gratuíta".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/10/2025 9:46:24



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2025 09:46:24
Nº Rexistro: 36424
Data envío: 10/10/2025 09:46:24.933

CSV: BOPGDSPG-w7dvsnYH9-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 32749**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Daniel Pérez López, sobre **"a problemática da liña metropolitana Carballo-A Coruña, a igualdade no acceso, a eficacia do servizo e posibles medidas de reforzo"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"A conexión entre Carballo e A Coruña dispón na actualidade dunha oferta ampla e equilibrada entre frecuencias directas e con paradas intermedias. Así, de luns a venres non festivos existen 24 expedicións no sentido Carballo-A Coruña, das cales 11 son directas, é dicir, case a metade do total. No sentido inverso, A Coruña-Carballo, chegan a ofrecerse 29 expedicións ao día. Durante a fin de semana hai 15 expedicións en cada sentido.

O actual deseño garante non só as conexións directas entre Carballo e a capital provincial, senón tamén a cohesión da Costa da Morte. En todo caso, o Goberno Galego está sempre disposto a analizar todas as propostas que redunden nunha mellora do servizo. De feito, desde o 6 de outubro, a liña de autobús que conecta Fisterra coa Coruña conta con autobuses de máis capacidade, dando así resposta as necesidades trasladadas polos usuarios".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/10/2025 9:46:18



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2025 09:46:19
Nº Rexistro: 36423
Data envío: 10/10/2025 09:46:19.263

CSV: BOPGDSPG-w7dvsnYH9-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 33049**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Paulo Ríos Santomé, sobre **"os motivos das rescisións de contratos producidas no Servizo de Transporte Público de Galicia, as sancións impostas ás empresas concesionarias incumpridoras e a situación en que estas quedan ante novas licitacións"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta aposta pola mellora continua do autobús interurbano para ofrecer un servizo público eficiente e eficaz para atender as necesidades de mobilidade das persoas usuarias nas mellores condicións.

Nese traballo de revisión continua, a Xunta estuda todas as medidas que sexan adecuadas para adoptar as decisións que correspondan, atendendo ao interese xeral.

As concesións do Plan de Transporte Público de Galicia contan en xeral con marxe para atender novas necesidades, o cal deu lugar a múltiples melloras da oferta de servizos en toda a comunidade ao longo dos últimos anos.

Con todo, tamén cabe ter en conta as circunstancias sociais e económicas que afectaron ao transporte público desde a licitación das concesións do Plan de Transporte Público de Galicia, que afectaron tanto á evolución da demanda do autobús interurbano como aos custes para as empresas concesionarias.

Neste contexto, a Xunta non vai deixar de atender as necesidades de mobilidade da cidadanía, aínda que supoña actualizar algún contrato de autobús.

No caso dos contratos resoltos por mutuo acordo, os contratistas solicitaron un procedemento para o restablecemento do económico financeiro ou, alternativamente, a resolución dos ditos contratos. Cabe ter en conta que a resolución de contratos por mutuo acordo debe cumprir dúas condicións: que non existan causas de resolución imputables ao contratista e que existan razóns de interese público e circunstancias obxectivas na execución do contrato que fagan inconveniente a súa permanencia.

Así, na tramitación das solicitudes tívose en conta que a desviación das previsións de demanda recollidas nos estudos da Administración ou nos estudos que puidesen realizar os concesionarios non impide a execución dos contratos nin en ningún caso existiron incumprimentos substanciais das obrigas contractuais por dolo ou culpa dos adxudicatarios, os cales supoñerían a resolución dos contratos atendendo ao establecido na normativa da contratación pública e nos pregos das concesións do PTPG.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Non obstante, observáronse situacións de interese público para proceder a unha resolución por mutuo acordo. As novas licitacións dos contratos son unha oportunidade para axustar os servizos ás demandas e circunstancias actuais, mesmo ao acordo do Parlamento de Galicia referido ao contrato XG847, así como implantar novas melloras que cumpran os compromisos do Goberno galego.

Neste momento non existen situacións que limiten a participación de ningunha empresa nas novas licitacións”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/10/2025 13:49:20



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 13:49:21
Nº Rexistro: 36940
Data envío: 15/10/2025 13:49:21.174

CSV: BOPGDSPG-w7dvsnYH9-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 33525**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Ariadna Fernández González e dona Olalla Rodil Fernández, sobre **"as previsións relativas ao cumprimento do acordo entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e a Fegamp respecto da prioridade estipulada para a reserva de prazas na futura residencia e centro de día de Dozón e as razóns dun posible cambio de criterio"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia, a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, asinou un acordo marco coa FEGAMP en marzo de 2022 a través do cal puxo a disposición dos concellos galegos un Plan de investimentos para a construción, reforma ou ampliación de equipamentos sociais de titularidade municipal, dotado cun importe total de 18,5 millóns de euros procedentes dos fondos europeos do Mecanismo para a Recuperación e Resiliencia (programa Next Generation UE).

No acordo marco asinado coa FEGAMP se establece expresamente que *"os centros obxecto de construción, reforma e/ou ampliación haberán de ser de xestión municipal, a través de calquera das modalidades establecidas na lexislación vixente (xestión directa, externalizada, concesión, etc.), respectando así a autonomía municipal, e garantindo ao mesmo tempo que as persoas usuarias destes centros sexan do entorno municipal ou comarcal, posibilitando con isto a creación de centros en comarcas ou contornas máis rurais que carecen deste tipo de equipamentos"*.

O concello de Dozón resultou beneficiario dese plan de investimentos para a construción dun centro residencial e de atención diúrna, e conforme ao principio de autonomía local decide o modelo de xestión que mellor considere.

Para a xestión do centro, o concello é a administración competente para a elaboración do regulamento do servizo de residencia e centro de día, e por tanto para establecer os criterios de acceso aos mesmos, entre os cales está incluír criterios de prioridade para os veciños do municipio, algo que en ningún caso podería facerse no suposto de que o centro fose de titularidade e xestión autonómica. O acordo coa Fegamp se refire a ese aspecto e non fala propiamente de reserva de prazas".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/10/2025 10:00:03



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2025 10:00:03
Nº Rexistro: 36591
Data envío: 13/10/2025 10:00:03,424

CSV: BOPGDSPG-w7dvsnYH9-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 33629**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños, sobre **"as razóns da demora na posta en marcha do Punto de Atención á Infancia de Ribadavia, os prazos para o seu remate e as actuacións previstas pola Xunta de Galicia como máxima responsable destas políticas"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"Galicia é a comunidade autónoma de referencia na posta en marcha de programas pioneiros para facilitar o acceso das familias a unha escola infantil 0-3. De feito, os datos publicados polo Goberno de España ratifican que Galicia é líder absoluta en escolarización no 1º ciclo de Educación Infantil, cunha ratio que supera en máis de 15 puntos a media española.

Pese a rexistrar o mellor resultado de toda España en escolarización 0-3 por terceiro curso consecutivo, algo nunca acadado na historia de Galicia, a Xunta continúa a reforzar a rede de escolas infantís en colaboración cos concellos e por esta razón concedeu unha subvención ao Concello de Ribadavia de 150.000 euros para a posta en marcha dun Punto de Atención á Infancia de 20 prazas, o que permitirá reforzar a atención ás familias do municipio e do resto da comarca.

A obra para a posta en marcha deste novo centro estase a realizar dentro dos prazos que establece a propia orde de subvención".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2025 09:59:55
Nº Rexistro: 36590
Data envío: 13/10/2025 09:59:55,953

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/10/2025 9:59:55

CSV: BOPGDSPG-w7dvsnYH9-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 33667**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonso, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia en canto á convocatoria da Mesa para a Prevención de Riscos Laborais do Sector Naval, así como sobre o nivel de precariedade laboral e a perda de persoal propio nos estaleiros"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego, Comercio e Emigración**, que ten o seguinte contido:

"Esta iniciativa xa foi respostada na Comisión 6ª o pasado venres, 3 de outubro, dando resposta á pregunta número 33665.

A este respecto, sinalar que o Goberno galego ten un compromiso claro co sector naval de Galicia.

A mesa técnica de PRL no naval foi constituída desde o primeiro momento coa participación conxunta das organizacións sindicais, da patronal, dos técnicos de prevención dos estaleiros, do Issga e da Inspección de Traballo. Dita mesa funcionou de forma operativa e continua, con obxectivos claros e prácticos.

Tal e como se trasladou no seo de dita comisión, informa que na nova Mesa de Economía e Industria, haberá un grupo de traballo do naval no que se integrará a execución práctica do Plan Director do Naval, aprobado pola Xunta de Galicia para definir as liñas estratéxicas de modernización do sector".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/10/2025 9:46:11



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2025 09:46:11
Nº Rexistro: 36422
Data envío: 10/10/2025 09:46:11.349

CSV: BOPGDSPG-w7dvsnYH9-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 33736**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños, sobre **"a accesibilidade aos resultados do Plan galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual 2022-2024, a información respecto do novo plan e os avances en relación cos compromisos de axudas nesta materia"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"O Goberno galego deu a coñecer o balance do Informe Evaluación do I Plan Galego contra a Trata de Seres Humanos 2022-2024, nunha comparecencia do director xeral de Prevención da Violencia de Xénero en comisión 5ª, celebrada o pasado día 27 de marzo deste mesmo ano.

Posteriormente, o Informe Evaluación do I Plan Galego contra a Trata de Seres Humanos 2022-2024, foi remitido ao Parlamento de Galicia o pasado día 17 de setembro, dando así cumprimento ao acordado na proposición non de lei, con número de rexistro 17673, e debatida en comisión 5ª o pasado mes de marzo.

Polo tanto, e en vista do exposto, non existe ningún ánimo de ocultación de información por parte do Goberno autonómico, tal e como manifesta o BNG na súa pregunta".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2025 09:59:49
Nº Rexistro: 36589
Data envío: 13/10/2025 09:59:49.608

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/10/2025 9:59:49

CSV: BOPGDSPG-w7dvsnYH9-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 33787**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Silvia Longueira Castro e dona María Elena Espinosa Mangana, sobre **"os criterios da Xunta de Galicia á hora de financiar as escolas infantís de 0 a 3 anos privadas e as de titularidade municipal, a eventual achega aos concellos de máis recursos nesta materia e as previsións de cambio no modelo de financiamento"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"Galicia dispón dunha das mellores redes de escolas infantís 0-3 de España, con máis de 32.000 prazas que permiten dar resposta á demanda de prazas nunha etapa educativa que é totalmente voluntaria, e que non é financiada polo Goberno. Ademais, son unhas escolas moi accesibles grazas ao programa de gratuidade implantado pola Xunta de Galicia, medida pioneira en España que a Xunta comezou a desenvolver no curso 2019-2020 e que lles permite ás familias pagar 0 euros pola matrícula e a atención educativa dos seus fillos, cun aforro medio por familia de preto de 3.000 euros cada curso escolar.

A Xunta de Galicia destina neste ano 2025 máis de 65 millóns de euros ao programa de gratuidade: é dicir, as familias galegas aforran 65 millóns ao levar aos seus fillos a unha escola infantil. A dotación orzamentaria deste programa é asumida en solitario pola Xunta de Galicia en solitario, dado que a contribución do Goberno central a este programa é de 0 euros.

A principal consecuencia da aplicación deste programa é o aumento das taxas de escolarización no 1º ciclo de Educación Infantil, ata acadar cifras históricas sen precedentes en Galicia. Como xa ten informado o Goberno galego no Parlamento, Galicia é a comunidade de España coa maior taxa neta de matriculación no 1º ciclo de Educación infantil.

En concreto, Galicia é líder absoluta en España, cunha taxa de escolaridade de preto do 64% no 1º ciclo de Educación Infantil o que supón que Galicia é a comunidade autónoma onde máis familias poden acceder a unha praza nunha escola infantil. Ademais, con estes datos, Galicia xa está a cumprir sobradamente os obxectivos que marca a Unión Europea para o ano 2030: cinco anos antes de chegar a esa data, Galicia xa supera o obxectivo da UE.

No caso das escolas infantís de titularidade municipal, a Xunta de Galicia achega aos concellos cada curso preto de 8 millóns de euros para o mantemento destas instalacións e a aplicación da gratuidade ás familias. Neste sentido, a Xunta de Galicia asume a parte que lle correspondería pagar ás familias en función dos tramos de renda de cada familia, do mesmo xeito que sucede nas escolas infantís xestionadas pola Administración Autonómica.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





Por suposto, a Xunta de Galicia recoñece -como ten feito en numerosas ocasións- o esforzo compartido cos concellos na aplicación de gratuidade nas súas escolas infantís. E como xa lle trasladou en diversas ocasións á FEGAMP, a intención da Xunta é reforzar este financiamento aos concellos en canto reciba recursos para este fin procedentes do Goberno central, tal como vén comprometendo desde hai anos o presidente do Goberno, Pedro Sánchez.

Lamentablemente, a día de hoxe a achega do Goberno de España ao programa de gratuidade é de 0 euros, pese aos reiterados anuncios do Executivo nesta materia, o último deles o pasado 6 de xuño na Conferencia de Presidentes, na que o Goberno central anunciou unha dotación de 175 millóns de euros para o acceso gratuíto á educación infantil 0-3 en toda España. Transcorridos máis de catro meses, a asignación comunicada polo Goberno de España á Xunta de Galicia para o financiamento da gratuidade nas escolas infantís segue sendo de 0 euros”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/10/2025 9:59:39



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2025 09:59:39
Nº Rexistro: 36588
Data envío: 13/10/2025 09:59:39.994

CSV: BOPGDSPG-w7dvsnYH9-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 33797**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Paloma Castro Rey, dona María Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"as previsións do Goberno galego en relación co procedemento de concesión das axudas para vítimas de violencia sexual previstas na Lei orgánica de garantía integral da liberdade sexual e reguladas posteriormente no Real decreto 664/2024, do 9 de xullo"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A Lei Orgánica 10/2022, recolleu no seu articulado, concretamente no artigo 41, a concesión dunhas axudas económicas ás vítimas de violencia sexual.

No obstante, para materializar a súa concesión, resulta necesario crear o documento acreditativo que recolle os requisitos para súa aprobación.

Por este motivo, o Ministerio de Igualdade celebrou varias reunións coas Comunidades Autónomas co obxecto de elaborar o referido documento.

A última reunión tivo lugar o pasado 18 de xuño deste mesmo ano, onde non se logrou o quórum necesario para aprobar o documento acreditativo. Por este motivo estamos a espera dunha nova convocatoria do Ministerio co fin de retomar as negociacións co obxecto de aprobar o título acreditativo das violencia sexuais.

Por outro lado, é importante ter en conta que a propia Ministra e a Delegada do Goberno de España, recomendaron non outorgar estas axudas económicas ata ter aprobado definitivamente o documento acreditativo, buscando así a homoxeneización de todas as Comunidades Autónomas. Polo tanto, o PSdeG debería ser coñecedor desta situación.

A Xunta de Galicia, nos orzamentos de este ano, xa consignou unha partida orzamentaria para atender a futura axuda das violencias sexuais, que se comezará a aboar unha vez teñamos o documento acreditativo aprobado polo Ministerio de Igualdade".

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/10/2025 9:59:33



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2025 09:59:33
Nº Rexistro: 36587
Data envío: 13/10/2025 09:59:33,851

CSV: BOPGDSPG-w7dvsnYH9-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 35028**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas, sobre **"a tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística na parroquia de Lubre, no concello de Bergondo, así como a súa inspección urbanística e prazos para concluír a restitución polos movementos de terras denunciados"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"A tramitación do expediente de reposición da Legalidade urbanística atópase en fase de execución forzosa e conta cunha primeira multa coercitiva imposta aos promotores da actuación o 26/03/2025.

A inspección urbanística para a comprobación "in situ" da reposición da Legalidade urbanística tivo lugar o 31/07/2025.

A Axencia de Protección da Legalidade Urbanística seguirá a impoñer as correspondentes multas coercitivas, en tanto en cuanto non se dea cumprimento, polo suxeito obrigado, ao disposto na resolución ditada o 19/04/2022 ou ao definido no proxecto que obtivo a correspondente licenza, segundo así o establece o artigo 156.2 da lei 272016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2025 13:49:14
Nº Rexistro: 36939
Data envío: 15/10/2025 13:49:14.911

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/10/2025 13:49:14

CSV: BOPGDSPG-w7dvsnYH9-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 35271**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Oscar Insua Lema, sobre **"a licitación, financiamento, suficiencia orzamentaria e planificación da fase de prolongación da autovía AG-55 no tramo de Salto ata Calo e Berdoias"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"O Consello da Xunta deu luz verde o pasado mes de xuño ao proxecto de prolongación da autovía da Costa da Morte, no treito entre Santa Irena, no concello de Vimianzo, e a estrada AC-432, cun investimento de 36,4M€.

O Goberno galego someteu a actualización do proxecto a información pública, co fin de aprobalo definitivamente e licitar a obra o antes posible.

O anuncio do 23 de xuño de 2025 polo que se somete ao trámite de información pública o proxecto de trazado da primeira fase da prolongación da autovía da Costa da Morte, treito Santa Irena-AC-432, actualización, de clave AC/25/079.01, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto publicouse no Diario Oficial de Galicia este 027 de xuño: https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2025/20250627/AnuncioG0181-240625-0001_gl.html

O obxectivo desta prolongación é darlle continuidade ao tramo de autovía da Costa da Morte, que a Xunta puxo en funcionamento no ano 2016, con case 28 quilómetros libres de peaxe que comunican os concellos de Carballo, Coristanco, Cabana de Bergantiños, Zas e o termo municipal de Vimianzo, ata Santa Irena.

Trátase dunha vía que supuxo unha mellora substancial, en tempo e seguridade, para os seus usuarios, pois máis de 6.000 vehículos percorren de media a diario.

O novo tramo terá unha lonxitude de 5,5 km, ata a intersección coa AC-432, que comunica Vimianzo e Camariñas. Este treito construírse sobre unha traza con parte do movemento de terras xa executado.

A execución deste novo tramo incluírá a construción de 2 enlaces e a previsión dun terceiro, 3 viadutos, 6 pasos superiores, 3 pasos inferiores e 6 obras de drenaxe.

Cabe sinalar como estrutura máis singular do proxecto o viaduto sobre o río Vimianzo, que permitirá o cruzamento do corredor sobre esta contorna, entre os puntos quilométricos 7+005 e 7+249.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





O Goberno galego prevé continuar avanzando na obra de prolongación da autovía da Costa da Morte, sendo o seguinte o treito dende a AC-432 ata Berdoias, para completar os 16,46 quilómetros de nova vía entre Baio e Berdoias. A Xunta licitará a finais de 2025 ou principios de 2026 o contrato de redacción do proxecto de construción deste treito”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/10/2025 9:59:25



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2025 09:59:26
Nº Rexistro: 36586
Data envío: 13/10/2025 09:59:26.271

CSV: BOPGDSPG-w7dvsnYH9-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

